

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1067/2026	A Xunta de Goberno Local	02/02/2026

EN CALIDADE DE SECRETARIO DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 1067/2026. APROBAR AS BASES QUE REXERÁN NA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA XXII FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS PARA O ANO 2026

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista as datas de celebración da XXII Feira Medieval de Monforte de Lemos para os días 4 e 5 de abril de 2026, relativo ás bases que rexerán a convocatoria para a selección e autorización de instalacións de postos de venda e fixas os criterios específicos de participación na edición deste ano 2026.

Vista a proposta de resolución PR/2026/622 de 28 de xaneiro de 2026.

RESOLUCIÓN

Aprobar as bases que rexerán na convocatoria para a selección e autorización de instalación de postos de venda na XXII Feira Medieval de Monforte de Lemos para o ano 2026 co seguinte detalle:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA XXII FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS PARA O ANO 2026.

OBXECTO E MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

As presentes bases teñen por obxecto fixar os criterios específicos da convocatoria para a selección e autorización de instalacións de postos de venda na XXII Feira Medieval de Monforte de Lemos, e que se rexen pola normativa xeral do Regulamento da Feira Medieval, aprobado e con entrada en vigor segundo publicación no BOP Lugo nº: 104 de data 07/05/2012.



Ademais, estas bases tamén se rexen polo disposto no Decreto 226/2022, do 22 de decembro, que regula determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos estectáculos públicos e actividades recreativas, complementando o establecido nas leis 9 /2013 de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e tamén á Lei 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

DATAS, UBICACIÓN E HORARIO DE OCUPACIÓN:

1. A feira celebrarase os días 4 e 5 de abril de 2026 e desenvolverase polo Casco Histórico da Cidade.
2. O horario de apertura dos postos será ás 10:00 horas e o peche dos mesmos será entre as 21:00 e 23:00 horas, en función da afluencia da xente, e despois das 24:00 horas non se realizará actividade algunha no recinto dos postos. Non se poderá realizar ningún tipo de actividade ou evento nos postos de participación da Feira dentro do recinto da mesma, ata o día e a hora de apertura da Feira Medieval.
3. A montaxe das diferentes paradas terá lugar entre o día anterior no horario marcado polo Concello e o propio día da Feira, sempre antes das 09:00 horas, non estando permitido o acceso de vehículos despois desta hora. O desmonte das paradas terá lugar o último día da Feira ou como máximo o día seguinte da mesma, tal e como se indica no regulamento da Feira.
4. Dado que as rúas son de difícil acceso en coche, aconséllase chegar con tempo suficiente para descargar o material, retirando inmediatamente o vehículo. De non ser así, o material e o posto terán que ser transportados a pé para evitar atascos.

REQUISITOS DOS SOLICITANTES:

5. As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente do pago da tarifa e no caso de estar exentos estar dados de alta no censo de obrigados tributarios. Así mesmo, deberá acreditar estar ao corrente coas obrigacións tributarias da AET e coa Facenda Pública.
 - b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente do pago das cotizacións.
 - c) Cumprir coas condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda e no seu caso estar en posesión da carta de artesán.
 - d) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de formación en materia de manipulación de alimentos (carné de manipulador de alimentos).
 - e) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.



f) Dispor dos permisos de residencia e traballo que en cada caso fosen esixibles, si se tratase de persoas estranxeiras.

g) Dispor dun Seguro de Responsabilidad Civil en vigor.

6. Para os postos que utilicen carpas ou estruturas temporais que alberguen público, deberán aportar a seguinte documentación:

- Proxecto e/ou documentación técnica acreditativa de que a instalación ou estrutura móvil cumpre as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade conforme á normativa aplicable.
- Certificado in situ, concluída a instalación, e antes da súa posta en funcionamento o solicitante deberá presentar a certificación de instalación ou montaxe subscrita por técnico competente ou por unha entidade de certificación de conformidade municipal (ECCOM), na cal se acredite que as instalacións reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez.
- Declaración responsable. Modelo Anexo ao impreso de solicitude.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

7. As persoas interesadas en solicitar a participación con posto de venda na XXII Feira Medieval de Monforte de Lemos, deberán cubrir a solicitude oficial, na que se inclúe a Declaración Responsable e presentalo no rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos ou a través da sede electrónica: <https://sede.monfortedelemos.es>

8. Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común. No obstante, no caso de presentarse fora do Concello, o/a solicitante deberá dirixir por correo electrónico a dirección: feiramedieval@concellodemonforte.com , a correspondente solicitude e documentación anexa no prazo establecido como período de solicitude.

9. A difusión pública para a solicitude dos postos será a través da páxina web do concello, www.monfortedelemos.es

10. O prazo de presentación de solicitudes iníciase o día 3 de febreiro e rematará o día 2 de marzo de 2026.

11. A documentación a presentar coa solicitude de participación será a indicada no devandito impreso.

12. Non se pode solicitar máis dunha parada de venda por persoa ou empresa.

13. Non se permitirá vender ningún produto distinto dos que consten na solicitude.

14. Os postos que desexen realizar talleres ou demostracións en vivo, terán que facelo constar na solicitude de participación.



SELECCIÓN E PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS/AS E PAGO DA TAXA, PREZO DOS POSTOS:

15. A selección dos postos realizarase conforme ao disposto no punto 4.4 do REGULAMENTO DA FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS.

16. O prezo dos postos é o establecido no Prezo Público (F_PPU_60) do Concello de Monforte de Lemos, aprobado para a participación na Feira Medieval en Xunta de Goberno Local do día 23 de febreiro de 2008, publicado no BOP Lugo nº: 61 de 14 de marzo de 2012, e modificado por Xunta de Goberno Local do día 13 de decembro de 2012 e publicado no BOP Lugo nº: 294 de 24 de decembro de 2012 :

a) Artesanía e Comercio:

41,19 € para os postos que midan ata 3 metros de longo.

51,54 € para os que excedan desta medida.

b) Gastronomía: 61,89 € con independencia do tamaño.

Estes importes inclúen o prezo público de participación e a taxa de ocupación de dominio público, que é de 6,00 € por posto.

17. O día 10 de marzo de 2025 publicarase na web do concello (www.monfortedelemos.es):

a) A listaxe de participantes

b) As instrucións para realizar o pagamento dos importes indicados no punto 16 destas bases.

18. O pagamento efectuarase unha vez publicada a listaxe provisional de admitidos/as na páxina web do concello, debendo os suxeitos pasivos ingresar o importe dentro do prazo establecido de conformidade coas instrucións de pagamento publicadas xunto coa listaxe de admitidos/as. O xustificante bancario deberá ser enviado ao correo electrónico: feiramedieval@concello demonforte.com

REQUISITOS DOS POSTOS DE VENDA:

19. As persoas participantes deberán decorar a súa parada obedecendo ás seguintes orientacións:

a) Os postos deberán estar construídos en madeira, no caso de empregar ferro deberá estar oculto baixo teas.

b) Os motivos e materiais empregados na decoración da parada deberán estar en concordancia coa época medieval.

c) As persoas que atendan a parada deberán estar vestidas da época a recrear (roupa e calzado), evitando empregar artigos modernos (reloxo, teléfono móbil.....)



d) No caso de empregar envoltorios ou bolsas, estes deberán adecuarse á época, evitando elementos de plástico (estes últimos soamente serán admitidos en caso de choiva).

20. En concreto, todos os postos, paradas, barracas, tabernas, etc..., que vaian ser instalados e nos que leven a cabo tarefas de elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Dispor de instalacións adecuadas para manter unha correcta hixiene do persoal.
- b) As superficies que estean en contacto cos alimentos deberán estar en bo estado e ser fáciles limpar e desinfectar.
- c) Dispor de material adecuado para a limpeza e desinfección dos utensilios de traballo
- d) Instalar os medios adecuados para o almacenamento e eliminación hixiénica de substancias e refugallos perigosos e/ou non comestibles, xa sean sólidos ou líquidos.
- e) Contar con instalacións ou medios adecuados para o mantemento e control das condicións óptimas de temperatura dos produtos alimenticios.
- f) Os produtos alimenticios deberán colocarse de tal modo que se evite o risco de contaminación dos mesmos.

Ademáis deberán cumprir a seguinte normativa adicional sobre o uso de parrillas:

- g) Todos os postos de comida que utilicen parrillas e/ou pretendan facer lume deberán dispoñer dun extintor de 6 Kg. EFICACIA 21 A-113 B ou dous de 3 kilos.
 - h) O espazo destinado ao lume deberá estar delimitado e protexido, e os extintores deberán estar listos para a revisión antes do inicio da feira por parte dos servizos de seguridade da organización.
 - i) O lume farase nun espazo acotado para tal fin, non permitindo o acceso ás persoas alleas á actividade.
 - j) Non se permite facer lume baixo toldos, instalacións eléctricas ou outros elementos susceptibles de arder.
 - k) A zona de lume deberá estar illada con placas metálicas en tres das catro caras do soporte e o chan protexido para evitar queimalo ou manchalo.
21. Correrá por conta dos participantes a ornamentación do posto e a súa vestimenta, que deberá adecuarse á época medieval, permitíndose o uso de plásticos única e exclusivamente no caso de choiva.
22. Os postos que precisen de iluminación ou toma de corrente eléctrica deberán traer o seu propio xerador (non está permitido enganchar en ningún cadro eléctrico).



23. Debido á inclinación das rúas, recoméndase traer calzos para nivelar os postos.
24. A organización non se responsabiliza de perdas, danos ou roubos de postos ou produtos expostos nos mesmos.
25. Ningún posto poderá ser cambiado do lugar asignado pola Organización sen consentimento previo.
26. Limpeza, o espazo destinado a cada participante deberá quedar, ao finalizar a feira, libre e limpo, sendo obrigatorio no caso de postos de gastronomía, para evitar que caian líquidos e graxas no pavimento, colocar materiais (lonas, plásticos ou moquetas protectores do chan), para evitar as manchas na rúa. Queda prohibido o depósito de residuos ou desperdicios fóra dos espazos e recipientes habilitados para tal función.
27. Os postos deberán axustarse ao disposto nas regulamentacións técnico sanitarias específicas e demais normativa reguladora aplicable en cada sector.
28. Todos os postos deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características ou modo de instalación poidan supor un risco para os usuarios, os viandantes e para os ben públicos ou privados.
29. A listaxe de prezos deberá estar en lugar visible e deberán ter follas de reclamación a disposición do público.
30. O solicitante responderá de calquera desperfecto que se orixina na zona autorizada e de calquera anomalía que se produza no exercicio da súa actividade.
31. O incumprimento de calquera dos puntos destas bases por parte dos feirantes suporá a expulsión inmediata da feira, perdendo o infractor o importe ingresado en concepto de taxas.
32. Para o non disposto nestas bases, rexerá o indicado no REGULAMENTO DA FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS.
33. Contactos organización: È698 181 551 (982 884775
feiramedieval@concellodemonforte.com

O Secretario,

Visto bo,

O Alcalde

P.D 21/06/2023, 1ª Tenente de Alcalde.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

